

Literatura medieval (I)

A Idade Media galega

- A Idade Media galega correspóndese cos séculos V e XV e adoita dividirse en dous períodos: **Alta Idade Media** (s. V-XI) e **Baixa Idade Media** (s. XI-XV).

Alta Idade Media (s. V-XI)

- Caracterízase pola **economía de subsistencia**.
- Aparición do **sistema feudal**, un sistema político caracterizado pola existencia de feudos e pola relación señor-vasalo. Consolídase nos séculos VIII e IX.
- Importancia dos **mosteiros**, xa que era neses lugares onde os monxes espallaban a cultura e a literatura a través da recollida e copia de diferentes textos.

Baixa Idade Media (s. XI-XV)

- Neste período nacen as **ciudades**, aínda que ben é certo que a maior parte da poboación continuaba vivindo no rural.
- Protagonismo da **burguesía**, que era a clase social que posuía os medios de produción artesanal e o poder político e económico.
- Etapa de **esplendor político** (s. XII-XIII), denominada "Era Compostelá", na que Galicia exerce un predominio político importante sobre outros territorios do occidente peninsular.
- Instauración definitiva da **sociedade estamental**, conformada pola nobreza, o clero e o campesiñado.

- Predominio da relixiosidade: ao longo dos séculos XII e XIII fúndanse diferentes mosteiros e Santiago convértese nun dos centros de peregrinación máis importantes de Occidente.
- Aparición da **lírica provenzal** a finais do s. XI ata mediados do s. XIV. As cantigas de amor galego-portuguesas nacen como imitación das cançó provenzais.
- No eido da literatura cultívase a **épica**, a **novela** e a **lírica**.

Baixa Idade Media: galego antigo

- O **romance galego** ou **galego-portugués** consolídase, como sistema lingüístico, entre os séculos VIII-IX. Non obstante, os primeiros textos galego-portugueses non aparecen ata finais do século XII.
- Na primeira parte da Idade Media (s. IX-XIII), o galego-portugués convive co latín nunha situación diglósica:

O **latín** era utilizado por unha minoría en contextos formais (Administración e Igrexa) e na maior parte de documentos escritos.

O **galego-portugués** era empregado pola maioría da poboación (incluídos reis e nobreza).

- No século XII, **Portugal** nace como reino autónomo, mentres que Galicia se integra na monarquía castelá-leonesa.
- A partir do s. XIII, o galego-portugués comeza a consolidarse na Administración, na xustiza e, sobre todo, na literatura, e convértese na lingua da lírica por excelencia.
- O galego antigo pode dividirse nas seguintes etapas:

Etapa primitiva ou preliteraria (s. IX a XII): os textos desta etapa están escritos nun latín xa corrompido.

Etapa do galego escrito (s. XIII-XV): esta etapa aínda pode dividirse, pola súa vez, en dúas épocas:

- **Época trobadoresca (1200-1350):** é a etapa de esplendor da literatura galego-portuguesa. **Escola galego-portuguesa.**

- **Época postrobadoresca (1350-1500):** é a etapa de decadencia da literatura galego-portuguesa e coa **Escola galego-castelá**.

- A partir do **século XV** o galego vai cedendo gradualmente terreo en favor do castelán como lingua habitual na Administración e na redacción de todos os documentos.
- O galego queda, deste xeito, relegado a un **ámbito coloquial e familiar**.

Características básicas da lingua galego-portuguesa

- Algúns dos trazos característicos do galego-portugués son os seguintes:

Nivel fonético: marcado pola existencia de vogais nasais (resultado da perda do -N- latino): LANAM > *lãa*

- Oposición entre sibilantes xordas e sonoras:
casar/passar (z/s).

Nivel morfosintáctico:

cabeça/dizer (ts/dz)
peixe/hoxe (ʃ/ʒ)

- **Uso da forma invariable** masculino/feminino para as substantivos acabados en -or (*a pastor, a senhor...*). - Os **posesivos** non aparecen precedidos do artigo determinado. - A orde dos elementos na frase era menos rixida que no galego actual.

Nivel léxico: presenza dun gran número de arcaísmos: *eire* (onte), *cras* (mañá), *vegada* (vez), *guisa* (maneira), *coita* (dor, ansia)...

A literatura medieval galego-portuguesa



A lírica galego-portuguesa

A **lírica medieval galego-portuguesa** comprende as composicións poéticas escritas en galego-portugués entre finais do s. XII e mediados do s. XIV.

A **lírica medieval galego-portuguesa** pode ser de dous tipos segundo a temática que traten: **profana** (cantigas de amigo, cantigas de amor e cantigas de escarnio e maldicir) e **relixiosa** (Cantigas de Santa María).

O contacto cos poetas provenzais a través do **Camiño de Santiago** vai provocar que os trovadores galegos imiten os modelos promovidos por estes.

Períodos da poesía medieval galego-portuguesa

ETAPA PRIMITIVA (S. XIII E PRINCIPIOS DO XIII)	1200	Aparición das primeiras obras da Escola trobadoresca galego-portuguesa. Influencia provenzal.
	1200	Dátase deste ano a cantiga "Ora faz ost'o senhor de Navarra", de Joan Soares de Paiva.
ETAPA DE ESPLENDOR OU IDADE DE OURO (1240-1354)	Período afonsino (1240-1280)	- Coincide co reinado de Afonso X. - Compilación do <i>Cancioneiro da Ajuda</i>. - Aparición das <i>Cantigas de Santa María</i>.
	Período dionisiaco (1280-1354)	- Comprende o reinado de Don Dinís ata a súa morte en 1325. - Compilación do <i>Cancioneiro Colocci-Brancutti</i>. - Compilación do <i>Cancioneiro da Vaticana</i>. - Prodúcese a morte de don Pedro, conde de Barcelos, considerado o último trobador da escola galego-portuguesa. Este légalle ao seu sobriño, o <i>Livro das Cantigas</i>, que pode ser orixe dalgún dos <i>cancioneiros</i> que chegou ata nós.
ETAPA DE DECADENCIA (FINAIS S. XIV-S. XV)	Escola galego-castelá	- Formada por poetas bilingües - Publicación do <i>Cancioneiro de Baena</i> (cara a 1445). Recolle as obras dos poetas da Escola galego-castelá.
	Escola castelá-portuguesa	- Formada por poetas portugueses que empregaban as dúas linguas. - Estas obras foron recollidas no <i>Cancioneiro geral de Garcia de Resende</i> (1449).

Períodos da poesía medieval galego-portuguesa

Os *cancioneiros*

Cancioneiro da Ajuda (s. XIII): contén 310 cantigas de amor. Está incompleto (faltan follas, carece de nomes dos autores, da notación musical e dalgunhas miniaturas).

Cancioneiro da Biblioteca Nacional: foi mandado copiar por Angelo Colocci no século XVI. É o máis completo. Contén 1600 cantigas.

Cancioneiro da Biblioteca da Vaticana: foi mandado copiar por Angelo Colocci no século XVI. Contén 1200 cantigas.

Cancioneiro de Berkeley: é unha copia do Cancioneiro da Vaticana, aínda que foi escrito a finais do século XVI.

Pergamiño Vindel: rolo datado a finais do século XIII que contén as setes cantigas de amigo de Martin Codax e a música de seis delas.

Pergamiño Sharrer: datado tamén a finais do século XIII contén sete cantigas de amor do rei don Dinís coa súa notación musical.

Autores e intérpretes

- Os autores e intérpretes principais son os seguintes:

Trobador: eran señores da nobreza que compoñían as cantigas e logo as entregaban aos xograres para que as interpretasen. **Xograr:** eran os encargados de interpretar as composicións creadas polos trovadores. A función destes era divertir o público a través de diferentes actividades. A partir do século XIV, os xograres pasaron a denominarse **menestreis**.

Segrel: eran figuras intermedias entre o trovador e o xograr que interpretaban composicións propias.

Soldadeira: eran mulleres que acompañaban os xograres nas representacións. Estas mulleres cantaban, bailaban ou tocaban certos instrumentos. Ademais, tiñan sona de practicar a prostitución.

Métrica e recursos estilísticos das cantigas medievais

- Desde o punto de vista formal, as cantigas poden ser de dous tipos: de **refrán** e de **mestría**.
- A maioría das cantigas artéllanse sobre un **esquema de 3 ou 4 cobras**, que poden ser de diferentes tipos segundo a rima e a composición que presenten.
- Son recursos característicos das cantigas medievais:

Paralelismo: consiste en repetir unha palabra ou unha idea dunha cobra na seguinte, con lixeiras modificacións.

Leixaprén: consiste na repetición dos segundos versos dun par de cobras como primeiros do par seguinte.

Refrán: son versos que se repiten ao final de cada cobra.

Fiinda: especie de conclusión, habitualmente en 2 ou 3 versos, que



resume o sentido xeral da cantiga.

Dobre: repetición dunha palabra, unha ou máis veces, dentro dunha mesma cobra e sempre na mesma posición.

Mordobre: repetición dunha palabra con variacións morfolóxicas; ao longo dunha cobra e na mesma posición.

Cantigas de amigo

- As **cantigas de amigo** son composicións poéticas de orixe autóctona, xa que procede dun tipo de poesía oral xa implantada no norte da Península.

- Presentan moitas similitudes coas *kharjas mozárabes*.

- O trazo que caracteriza as cantigas de amigo é que están enunciadas por unha **muller nova** (amiga), que se dirixe ao seu **amigo** (namorado), lamenta a súa ausencia ou refire as alegrías e tormentos que lle produce ese amor.

- Ademais, nestas cantigas atopamos outros elementos caracterizadores:

Ambientación rural ou en paraxes naturais.

Emprego dun léxico popular, con arcaísmos (*irmana, mañana, mano*, etc.).

Utilización de símbolos naturais para elaborar a linguaxe amorosa (*cervo, auga, cabelos, vento*, etc.).

- En canto á temática distinguimos catro tipos de cantigas de amigo:

Bailadas: expresan a ledicia de vivir.

Albas ou alboradas: fan referencia ao amencer.

Mariñas ou barcarolas: son composicións de ambientación mariña nas que o mar adoita ser o elemento de separación dos namorados.

Cantigas de romaría: fan referencia a algún santuario ou ermida, que é o lugar de encontro dos namorados.

Temas principais das cantigas de amigo

- Os **temas principais das cantigas de amigo** son os seguintes: Amor non correspondido ou insatisfeito.
Prohibición do amor, ben por causa da nai ou por forza maior.
A propia beleza (panexírico)
Ausencia do namorado (amigo)

A forma das cantigas de amigo

- As **cantigas de amigo**, segundo a forma, poden ser:
Narrativas: a voz lírica non se dirixe a ningún destinatario explícito.
Monologadas: a voz lírica diríxese a un destinatario que non intervéen na cantiga.
Dialogadas: a voz lírica dialoga con outra persoa, que adoita ser a nai ou a propia natureza.

Clasificación formal das cantigas de amigo

- As **cantigas de amigo**, desde o punto de vista formal, adoitan estar estruturados en **cobras de 2, 3 ou 4 versos** seguidos de **refrán**. • As cantigas de amigo poden ser de **refrán** ou de **mestría**. • Outros dos trazos característicos das cantigas de amigo son:

Paralelismo: consiste en repetir unha palabra ou unha idea dunha cobra na seguinte, con lixeiras modificacións.

Leixaprén: consiste na repetición dos segundos versos dun par de cobras como primeiros do par seguinte.

Refrán: son os versos que se repiten ao final de cada cobra.



Introdución

- Na lírica medieval galego-portuguesa distinguimos os seguintes xéneros maiores:

Lírica profana: cantigas de amigo, cantigas de amor e cantigas de escarnio e maldicir.

Lírica relixiosa: cantigas de Santa María.

A cantiga de amor

- É un tipo de composición nas que un cabaleiro expresa o amor por unha doncela, que denomina **senhor**.
- Estas cantigas teñen a súa orixe nas **cançós provenzais**, un tipo de poesía amorosa xurdida en Francia no século XI.
- Nas cantigas de amor, o sentimento amoroso aparece idealizado e establécese unha **relación de vasalaxe** entre o cabaleiro e a dama.
- O tema principal das cantigas de amor é o **amor non correspondido**. O suxeito lírico amosa o sentimento de pena que sente por mor de non ter o amor da súa dama, o que se coñece como **coita** de amor. Por conseguinte, o poeta vivirá en constante desacougo ou tolo de amor. Incluso pode chegar a **morrer de amor** nun último intento por persuadir a dama e que o queira.
- O tipo de amor que se retrata nas cantigas de amor é unha especie de **amor platónico**, xa que o que máis se destaca da **senhor** é a fermosura e as calidades morais.
- Posto que a dama adoitaba estar casada, a prudencia e a **mesura** (sensatez) do cabaleiro será clave para manter oculto o nome dela.
- A relación amorosa é unha transposición do **sistema feudal**, de aí que o sentimento que se retrata nas cantigas de amor se denomine **amor cortés**.

O cabaleiro asume o papel de **vasalo** e debe servir á doncela. • O amor que se retrata neste tipo de cantigas é un sentimento purificador e un camiño de elevación moral.

Caracterización formal das cantigas de amor

- Desde o punto de vista formal, distinguimos dous tipos de cantigas de amor:

Cantigas de mestría: son aquelas que seguen o modelo das cancións provenzaís.

Cantigas de refrán: son aquelas que están provistas dunha estrutura paralelística. Isto dótaas dun carácter autóctono (proximidade coas cantigas de amigo).

- As cantigas de amor adoitan estruturarse en **3 ou 4 cobras** e os tipos de verso máis utilizados son o heptasílabo, o octosílabo e o decasílabo. • Os recursos estilísticos máis frecuentes na cantiga de amor son o dobre, o mordobre e a *fiinda*.

Os personaxes das cantigas de amor

Os personaxes principais das cantigas de amor son os seguintes: **Senhor:** é a amada, que se describe dun xeito vago e impreciso. É o prototipo de beleza e perfección (*fremosa, bon semelhar, bon parecer...*).

O namorado: suxeito lírico das cantigas de amor. Desempeña o papel de vasalo. Defínese como un home honesto e fiel. **Os miscradores:** son homes que compiten co namorado polo amor da dama. O suxeito lírico cualifícaos como mentireiros.